



Proxecto de Decreto do xx de 2019 polo que se crea o Rexistro de Empresas Instaladoras de Fontanería de Galicia e o Rexistro de Instalacións Interiores de Subministro de Auga de Galicia

O Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, aproba o código técnico da edificación e derroga as normas básicas para as instalacións interiores de subministro de auga, aprobadas pola Orde do 9 de decembro de 1975. Segundo a súa disposición derradeira primeira, o Real Decreto ten carácter básico.

A Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior (en diante Directiva de servizos), propónse eliminar os obstáculos que se opoñen á liberdade de establecemento dos prestadores nos estados membros, e á libre circulación de servizos entre estes, e garantir tanto aos destinatarios como aos prestadores de servizos a seguridade xurídica necesaria para o exercicio efectivo das liberdades fundamentais de establecemento e libre prestación de servizos.

No contexto xurídico actual, a execución das instalacións interiores de subministro de auga é unha actividade liberalizada á que se lle aplica na súa integridade a Directiva de servizos.

A experiencia destes derradeiros anos amosa que a economía sumerxida creceu exponencialmente neste sector, como consecuencia entre outras causas da citada liberalización, que supuxo un drástico cambio nun sector tradicionalmente regulado.

Por outra banda, as instalacións interiores de subministro de auga teñen unha innegable complexidade técnica, presizando de instaladores cunha importante formación técnica. Ademais, unha mala execución destas instalacións pode provocar grandes danos, que a empresa instaladora debe estar en disposición de reparar.

Polo dito, faise recomendable a creación dun rexistro voluntario de empresas instaladoras de fontanería en Galicia, así como dun rexistro das instalacións interiores de subministro de auga que executan, que permita verificar que as ditas empresas cumpren unha serie de requisitos que garantan a calidade e capacidade técnica do seu servizo, o cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e a súa capacidade para facer fronte ás posibles esixencias de responsabilidade civil.



Todo elo co fin último de que os cidadáns que precisen ter acceso aos servizos deste tipo de empresas poidan ter á súa disposición un listado de empresas cuns estándares de calidade e seguridade técnica elevados que lles permita ter mais información á hora de decidir a quen contratan os servizos.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, de acordo/oído o Consello Consultivo, e logo de deliberación do Consello da Xunta na súa reunión do XXX,

DISPOÑO:

Artigo 1º. Obxecto.

1. Este decreto ten por obxecto crear o Rexistro de Empresas Instaladoras de Fontanería de Galicia e o Rexistro de Instalacións Interiores de Subministro de Auga de Galicia.

A inscrición en ambos rexistros terá carácter voluntario.

Artigo 2º. Ámbito de aplicación.

1. Este decreto é de aplicación ás instalacións interiores definidas na sección HS4 do documento básico HS Salubridade do Código Técnico da Edificación, é dicir, ás instalacións de subministro de auga nos edificios incluídos no ámbito de aplicación xeral do CTE, e ás empresas encargadas da súa execución.

Artigo 3º. Rexistro de Empresas Instaladoras de Fontanería de Galicia

1. Crease o Rexistro de Empresas Instaladoras de Fontanería de Galicia, que estará adscrito á consellería competente en materia de industria, correspondendo a súa xestión ás xefaturas territoriais da devandita consellería. A súa organización e funcionamento regularase mediante este decreto.

Artigo 4º. Procedemento de inscrición. Comunicación de datos.

1. As persoas físicas ou xurídicas que teñan dentro do seu ámbito de actividade as instalacións interiores de subministro de auga en Galicia poderán inscribirse no Rexistro de Empresas Instaladoras de Fontanería de Galicia. Para elo deberán presentar ante a consellería competente en materia de industria unha declaración responsable, segundo o modelo que se



publica como anexo I, na que o titular da empresa ou o seu representante legal declare que cumpre os requisitos esixidos neste decreto, que dispón da documentación que así o acredita, que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade e que se responsabiliza de que a execución das instalacións se efectúa de acordo coas normas e requisitos recollidos neste decreto e no Documento Básico HS4.

2. Os devanditos requisitos serán os seguintes:

- a) Dispoñer de alta no imposto de actividades económicas (IAE).
- b) Dispoñer de alta na Seguridade Social ou no réxime especial de traballadores autónomos, encontrándose ao corrente dos correspondentes pagos.
- c) Dispoñer dun seguro de responsabilidade civil que cubra os danos que poidan derivarse da súa actuación. A cobertura será de trescentos mil euros (300.000 €) por sinistro e total anual, con cobertura de post traballos por un período de catro anos, debendo ser actualizada a dita cobertura anualmente de acordo coas variacións do índice xeral de prezos ao consumo.
- d) Dispoñer de seguro de accidentes do persoal asalariado segundo convenio laboral vixente.
- e) Dispoñer, a lo menos, dun instalador de fontanería en plantilla ou contratado, segundo indicado no artigo 6. No caso de autónomos, é válido que o instalador de fontanería sexa o propio autónomo.
- f) Dispoñer, no caso de empresas ou autónomos con empregados, dun contrato cun servizo de prevención de riscos laborais alleo, ou evidencias do establecemento dalgunha das outras modalidades preventivas permitidas pola lexislación vixente.
- g) Dispoñer dun plan de prevención de riscos laborais, así como da correspondente avaliación de riscos e planificación da actividade preventiva para as actividades incluídas no alcance.
- h) Dispoñer de marcado CE e declaración de conformidade, así como de manual de instrucións en español, en todos os equipos e ferramentas de traballo que estean obrigados a elo pola normativa vixente.
- i) Rexistrar nun prazo máximo de dez días dende a súa posta en servizo as instalacións de subministro de auga que executen no Rexistro de Instalacións Interiores de Subministro de Auga de Galicia.



3. Os requisitos anteriores consideraranse cumpridos se a empresa instaladora está en posesión da marca de calidade “QFEGAFÓN agua”.

4. O procedemento de rexistro de empresas instaladoras de fontanería de Galicia terá asignado o código INXXX. O procedemento INXXX é un procedemento administrativo de prazo aberto.

5. Establécese a obriga de relacionarse a través de medios electrónicos para este procedemento, ao considerarse acreditado que o colectivo de persoas físicas e xurídicas solicitantes teñen suficiente capacidade económica e técnica para ter acceso e dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios.

6. As declaracións responsables presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado recollido no anexo I, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. Se algunha das persoas interesadas presenta a súa declaración responsable presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da declaración responsable aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación das declaracións responsables poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

7. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas Administracións públicas:

- DNI ou NIE da persoa declarante
- DNI ou NIE da persoa representante
- NIF da persoa xurídica declarante
- Certificado da empresa instaladora de fontanería de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT
- Certificado da empresa instaladora de fontanería de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social
- Certificado da empresa instaladora de fontanería de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa Atriga



8. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na declaración responsable.

Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida. Neste caso as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

9. Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á Carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 5º. Responsabilidades e obrigas das empresas instaladoras de fontanería rexistradas

1. A empresa instaladora de fontanería que se rexistre será responsable:

a) De que a execución, reparación, mantemento e revisión das instalacións sexan efectuadas de conformidade co seu proxecto, se o houber e, en calquera caso, que a instalación cumpra a



normativa vixente de aplicación, e que fosen efectuadas con resultado satisfactorio e baixo a súa directa responsabilidade as probas e ensaios regulamentarios.

b) Das deficiencias de execución das instalacións que constrúan ou reparen e de que os equipos e accesorios instalados sexan conforme as normas que sexan exixibles.

2. As empresas instaladoras de fontanería que se rexistren terán as seguintes obrigas:

a) Cumprir en todo momento os requisitos mínimos especificados no artigo 4.2

b) Controlar a execución dos traballos que levan a cabo os seus instaladores e demais operarios ao seu servizo, así como que os materiais utilizados cumpran a regulamentación vixente, e sexan adecuados ao tipo e características da instalación requirida polo usuario.

c) Emitir os preceptivos certificados de instalación unha vez executadas as instalacións, reparacións ou revisións, e efectuadas as probas e ensaios regulamentarios. Os devanditos certificados serán subscritos por un instalador da empresa.

Artigo 6º. -Requisitos do instalador de fontanería.

1. O instalador de fontanería é toda persoa física que, polos seus coñecementos teórico-prácticos da tecnoloxía da fontanería así como da normativa vixente, está habilitada para realizar as operacións a que se refire este decreto, sendo o responsable técnico do deseño, execución, reparación e mantemento das instalacións.

2. O instalador de fontanería deberá cumprir e poder acreditar unha das seguintes situacións:

- Dispoñer dun título universitario cuxo plan de estudos cubra as materias obxecto do regulado no presente decreto.

- Dispoñer dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, cuxo ámbito competencial coincida con obxecto do presente decreto.

En concreto, considéranse que os seguintes certificados de profesionalidade presumen o cumprimento do requisito anterior (listaxe non limitativa):

ENA656_3. Xestión do uso eficiente do auga.



ENA262_3. Organización e control do montaxe e mantemento de redes e instalacións de auga e saneamento.

IMA373_3. Desenvolvemento de proxectos de redes e sistemas de distribución de fluídos.

IMA378_3. Planificación, xestión e realización do mantemento e supervisión da montaxe de redes e sistemas de distribución de fluídos.

- Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, de acordo co estipulado no Real Decreto 1224/2009, de 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, nas materias obxecto do presente decreto.

- Ter un carné profesional de fontanería ou un certificado de habilitación, emitido por un órgano competente do Estado español ou de calquera outro da Unión Europea, e ter estado en activo no exercicio profesional a lo menos 3.000 horas nos dous anos anteriores á solicitude de rexistro.

Artigo 7º. Revogación da inscrición.

1. Non cumprir calquera dos requisitos ou das condicións reguladas neste decreto que serviron de base para a inscrición no Rexistro de empresas instaladoras de fontanería de Galicia ou a inobservancia de preceptos regulamentarios, poderá constituír causa de revogación desta.

2. A resolución de revogación, que deberá ser motivada, será ditada polo director xeral competente en materia de industria.

Artigo 8º. Acceso aos datos do rexistro

1. Terán carácter público os seguintes datos da empresa rexistrada:

- Razón social
- NIF/CIF
- Enderezo
- Teléfono
- Correo electrónico



2. As persoas interesadas poderán acceder aos datos incluídos no Rexistro de conformidade co establecido na normativa sobre transparencia e na normativa reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen prexuízo do disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, sobre protección de datos de carácter persoal.

3. Así mesmo, a consellería competente en materia de industria poderá, nas condicións fixadas na normativa sobre transparencia e na normativa reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común así como na normativa sobre protección de datos de carácter persoal, difundir información que permita aos cidadáns ou a outras administracións ou entidades ter coñecemento do sector.

Artigo 9º. Rexistro de Instalacións Interiores de Subministro de Auga de Galicia.

1. Crease o Rexistro de Instalacións Interiores de Subministro de Auga de Galicia, que estará adscrito á consellería competente en materia de industria, correspondendo a súa xestión ás xefaturas territoriais da devandita consellería. A súa organización e funcionamento regularase mediante este decreto.

Artículo 10º. Procedemento de inscrición. Comunicación de datos.

1. As empresas instaladoras de fontanería inscritas no Rexistro de Empresas Instaladoras de Fontanería de Galicia deberán inscribir, no prazo máximo de dez días dende a súa posta en servizo, todas as instalacións interiores de subministro de auga que executen no Rexistro de Instalacións Interiores de Subministro de Auga de Galicia.

2. A inscrición, que non supón un pronunciamento favorable sobre a idoneidade técnica da instalación, farase baixo a responsabilidade dos axentes que interviñeron.

3. O procedemento de Rexistro de Instalacións Interiores de Subministro de Auga de Galicia terá asignado o código INXXX. O procedemento INXXX é un procedemento administrativo de prazo aberto.

4. Establécese a obriga de relacionarse a través de medios electrónicos para este procedemento, ao considerarse acreditado que o colectivo de persoas físicas e xurídicas



solicitantes teñen suficiente capacidade económica e técnica para ter acceso e dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios.

5. As comunicacións presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado recollido no anexo II, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. Se algunha das persoas interesadas presenta a súa comunicación presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da comunicación aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación das comunicacións poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

6. As persoas interesadas deberán achegar coa comunicación a seguinte documentación:

- proxecto ou memoria técnica de deseño (segundo modelo que se establece como anexo III).
- Certificado de dirección de obra só no caso de ser necesario a elaboración dun proxecto técnico.
- Certificado de instalación segundo o modelo que se establece como anexo IV. Serán emitidos pola empresa instaladora que executase a obra e asinado polo instalador correspondente.

7. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

8. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas Administracións públicas:



- DNI ou NIE da persoa comunicante
- DNI ou NIE da persoa representante
- NIF da persoa xurídica comunicante

9. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na comunicación.

Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida. Neste caso as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

10. Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á Carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.



Disposición adicional primeira. Datos de carácter persoal

Os datos persoais recadados nestes procedementos serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia – Consellería de Economía, Emprego e Industria coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de Procedementos e Servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Disposición adicional segunda. Actualización de modelos normalizados

Os modelos normalizados aplicables na tramitación destes procedementos poderán ser modificados co obxecto de mantelos actualizados e adaptados á normativa vixente. A estes efectos, será suficiente a publicación destes modelos adaptados ou actualizados na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estarán permanentemente accesibles para todas as persoas interesadas.

Disposición final primeira. Facultade de desenvolvemento.



Facúltase á persoa titular da dirección xeral con competencias en materia de industria para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento deste decreto, así como para modificar os anexos cando non supoña unha modificación substantiva do contido dos preceptos deste decreto.

Disposición final segunda. Entrada en vigor.

Este decreto entrará en vigor aos 20 días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, xx de xx de 2019

Francisco Conde López

Conselleiro de Economía, Emprego e Industria

Alberto Núñez Feijóo

Presidente